

I.E.S. MARÍA SARMIENTO

VIVEIRO

PROGRAMACIÓN DE RELIXIÓN

CATÓLICA

CURSO 2020-21

XEFE DE DEPARTAMENTO: ANGÉLICA OTERO FDEZ

O CENTRO

O I.E.S. María Sarmiento é un centro público dependente da Consellaría de Educación da Xunta de Galicia. O Centro está formado por cinco edificios máis un ximnasio e un polideportivo compartido co outro instituto do concello.

Está composto polos seguintes edificios:

- (a) EDIFICIO A: Administración do centro, sala de profesores, despachos dos cargos directivos e orientación, aulas de ESO e do ciclo de Administración, Informática, laboratorio de ciencias e aula de tecnoloxía.
- (b) EDIFICIO B: Biblioteca, aulas de ESO e de FP Básica, laboratorio de física e química.
- (c) EDIFICIO C: Aulas ESO, BAC, FP Básica de mantemento de vehículos e talleres dos ciclos de electricidade e de transporte e mantemento de vehículos.
- (d) EDIFICIO D: Aulas de ESO e BAC, talleres de soldadura e aula técnica, talleres de carrozaría e aula técnica.
- (e) EDIFICIO E: Aulas de bacharelato, cociña e comedor escolar.

SITUACIÓN

O centro está situado no concello de Viveiro, que é un concello do norte da provincia de Lugo pertencente á Comarca da Mariña Occidental. O dito concello limita ao norte co mar Cantábrico, ao sur co concello de Oourol, ao este co de Xove e ao oeste co d'O Vicedo.

Segundo as cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro de 2019 (datos obtidos do Instituto Galego de Estatística) Viveiro tiña 15466 habitantes nesa data. É o terceiro

concello con máis poboación da provincia de Lugo por detrás de Lugo e Monforte de Lemos.

No tócate á situación socioeconómica do alumnado, dicir que a maioría das familias encadraríanse dentro da clase media. En canto á situación da residencia familiar predominan o alumnado que provén dos núcleos de poboación de Celeiro, Viveiro centro, Covas e o centro urbano d'O Vicedo, combinados cunha poboación moi rural diseminada polos concellos d'O Vicedo, Ourol, Muras e a parte sur do concello de Viveiro.

1 Centros adscritos

- (a) CEIP de Celeiro
- (b) CEIP do Vicedo
- (c) CEIP Plurilingüe Santa Rita de Galdo

2. Ensinanzas que oferta o centro no presente curso

Dentro do réxime xeral:

- (a) Educación Secundaria Obrigatoria cos dous Programas de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento, un en 2º da ESO de dous anos académicos e outro en 3º da ESO dun ano académico.
- (b) Programas de Formación profesional básica de Mantemento de vehículos e de Servizos administrativos.
- (c) Ciclos formativos de grao medio: Xestión administrativa, Soldadura e caldeiraría, Instalacións eléctricas e automáticas e Electromecánica de vehículos automóbiles.
- (d) Ciclos formativos de grao superior: Administración e finanzas, Automoción e

Sistemas electrotécnicos e automatizados.

(e) Bacharelatos nas modalidades de Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais.

Dentro do réxime de ensinanzas de adultos

(a) ESA Nivel III, módulos I, II, III e IV

(b) Ciclo formativo de Xestión administrativa modular

(c) Bacharelato nas modalidades de Ciencias.

Características singulares

(a) O centro dispón de comedor escolar.

(b) O alumnado dispón de transporte escolar.

(c) O número de estudantes é 759 estudantes no presente curso (datos do 27/10/2020).

O ALUMNADO

Poboación inmigrante

No presente curso hai un total de 37 alumnas e alumnos con nacionalidade non española, repartidos da seguinte forma (datos a 27/10/2020):

Nacionalidade	Nº de estudantes
Alxeriana	1
Brasileira	6
Caboverdiana	1
Dominicana	6
Hondureña	3
Israelita	2
Nicaraguana	1
Peruana	3
Portuguesa	3
Romanesa	8
Rusa	1
Uruguaia	2

Estadística de matrícula

Ensinanza	Grupo	Mulleres	Homes	Total
1º Ensinanza secundaria obrigatoria	A	11	14	25
	B	12	13	25
	C	8	15	23
2º Ensinanza secundaria obrigatoria	A	11	10	21
	B	9	12	21
	C	13	8	21
	D	10	11	21
	E	5	13	18
2º Ensinanza secundaria obrigatoria PMAR	P	4	3	7
3º Ensinanza secundaria obrigatoria	A	8	15	23
	B	14	6	20
	C	12	8	20
3º Ensinanza secundaria obrigatoria PMAR	P	3	4	7
4º Ensinanza secundaria obrigatoria Ensinanzas académicas	A	6	15	21
	B	13	8	21
	C	9	6	15
4º Ensinanza secundaria obrigatoria Ensinanzas aplicadas	D	9	15	24
1º Bacharelato Ciencias	A	13	1	14
1º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Ciencias Sociais	B	13	6	19
	C	10	6	16
1º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Humanidades	C	2	1	3
2º Bacharelato Ciencias	A	10	13	23
2º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Ciencias Sociais	B	10	9	19
2º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Humanidades	C	15	3	18
(A)-2º Bacharelato Ciencias	A	8	4	12
(A)-2º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Ciencias Sociais	A	1	1	2
(A)-2º Bacharelato Humanidades e ciencias sociais Humanidades	A	1	1	2
1º Administración e finanzas	A	11	6	17
1º Automoción	A	1	19	20
1º Electromecánica de vehículos automóbiles	A	0	20	20
1º Instalacións eléctricas e automáticas	A	0	7	7
1º Mantemento de vehículos	A	0	11	11
1º Servizos administrativos	A	9	3	12
1º Sistemas electrotécnicos e automatizados	A	0	12	12
1º Soldadura e caldearía	A	0	22	22
1º Xestión administrativa	A	8	1	9
2º Administración e finanzas	A	10	2	12
	B	3	0	3
2º Automoción	A	2	10	12
	B	0	6	6

2º Electromecánica de vehículos automóbiles	A	2	9	11
	B	0	4	4
2º Instalacións eléctricas e automáticas	A	0	5	5
2º Mantemento de vehículos	A	0	9	9
2º Servizos administrativos	A	9	3	12
2º Sistemas electrotécnicos e automatizados	A	1	14	15
	B	0	7	7
2º Soldadura e caldeiraría	A	0	14	14
	B	0	5	5
2º Xestión administrativa	A	5	1	6
	B	2	0	2
(A)-Xestión administrativa	A	12	2	14
	B	4	0	4
(A)-ESO Módulo 1 (1º Cua.)	A	1	3	4
		1	2	3
(A)-ESO Módulo 3 (1º Cua.)	A	13	5	18
		1	0	1
(A)-ESO Módulo 4 (2º Cua.)	A	1	0	1
	Totais:	336	423	759

Medidas organizativas para a atención á diversidade

1º DA ESO: 73 ALUMNOS/AS

O alumnado de 1º da ESO está distribuído en tres grupos

Organizáronse as seguintes medidas de atención a diversidade

Exención da segunda lingua estranxeira (Francés)

18 alumnos/as están exentos de cursar a segunda lingua estranxeira e reciben reforzo educativo (RE) en Lingua Castelá.

Alumnado con Adaptación Curricular Significativa (ACS)

2 alumnos e 1 alumna

2º DA ESO: 109 ALUMNOS/AS

O alumnado de 2º da ESO está distribuído en 5 grupos

Organizáronse as seguintes medidas de atención á diversidade

Programa de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento (PMAR) de dous anos

académicos. 3 alumnos e 4 alumnas
Exención da segunda lingua estranxeira (Francés) 26 alumnos/as están exentos de cursar a segunda lingua estranxeira e reciben reforzo educativo (RE) en Lingua Castelá.
Alumnado con Adaptación Curricular Significativa (ACS) 1 alumno

3º da ESO: 70 alumnos/as O alumnado de 3º da ESO está distribuído en tres grupos <u>Organizáronse as seguintes medidas de atención á diversidade</u>
Programa de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento (PMAR) 7 alumnas/os: 6 que proceden do PMAR de 2º e 1 que se incorpora ao PMAR de 3º dun ano académico.
Alumnado con Adaptación Curricular Significativa (ACS) 2 alumnos e 2 alumnas

Outras características

Non hai ningunha outra característica salientable.

Obxectivos ESO e BAC

OBXECTIVOS ESO

a	Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
b	Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
c	Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
d	Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
e	Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos

	coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
f	Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
g	Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
h	Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
i	Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
l	Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
m	Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
n	Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
ñ	Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito
o	Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

OBXECTIVOS BACHARELATO

a	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
b	Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
c	Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera

	condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
d	Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
e	Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
f	Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
g	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
h	Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
i	Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
l	Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
m	Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
n	Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
ñ	Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
o	Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
p	Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

1. VALOR FORMATIVO DA MATERIA

O ensino relixioso contribúe á calidade da educación dende a proposta e o desenvolvemento duns coñecementos, valores e actitudes que conforman o seu propio currículo. Faino desenvolvendo especialmente a capacidade transcendente do alumno, facilitándolle unha proposta de sentido último para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria. Non podería existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolvesen todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se atopa constitutivamente a capacidade transcendente. Esta capacidade básica do individuo, adquire o seu auténtico cumprimento na busca do sentido último da vida. Enraizada no

máis profundo do ser, o alumno vai descubrindo -tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios de cada idade- nos símbolos e signos do seu ámbito, no progreso e humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación e, particularmente, na persoa de Xesucristo e na súa presenza na comunidade cristiá. A formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantida actualmente polo Acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sé sobre Ensino e Asuntos Culturais, asinado o 3 de xaneiro de 1979, no cal se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais. O currículo do ensino da relixión católica é unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, axeitada á idade do alumno, ás esixencias epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais do ámbito e ás demandas didácticas do sistema educativo. Xunto coas outras opcións da área de Relixión, enmárcase nun contexto histórico e social, inclúe parte do grande acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións, e posibilita a análise comparada dos contidos e liñas básicas das grandes relixións vixentes. Con todo, o ensino relixioso católico desenvólvese especialmente en catro grandes dimensións: A dimensión cultural e histórica está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos. Neste sentido, a Relixión católica deu os seus froitos na arte, nos sistemas de significación moral, na creación popular e na acción social. A dimensión humanizadora da opción católica constitúe unha achega eficaz na maduración da personalidade integral do alumno, enraizando os mesmos obxectivos do sistema educativo nun núcleo referencial de ideas, valores e crenzas que lle permite ao alumno dar resposta aos seus interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores. A formación relixiosa católica achega deste xeito unha cosmovisión que fai posible a apertura cara ao fundamento e o sentido último da vida e, polo tanto, cara ao sentido da ciencia, da cultura e da identidade mesma da persoa humana. Trátase de afrontar as grandes preguntas que o alumno se formula e axudalo a atopar as respostas que ha poder asumir como opción libre e persoal. É finalidade da escola que os alumnos logren o seu desenvolvemento persoal, o que non é posible sen unha conveniente fundamentación e orientación cara a un significado último e global da existencia. A dimensión ético-moral explicita as esixencias morais que leva consigo a mensaxe cristiá. Na relixión católica ofrécese un determinado xeito de ver a vida, na base da cal se atopa un concepto de home, un núcleo referencial de ideas e crenzas, e a proposta dunha escala de principios e valores. O ensino relixioso católico expón, fundamenta e xerarquiza os valores e virtudes capaces de educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno para facer posible a maduración na responsabilidade, no exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso, como expresión coherente do coñecemento de Deus revelado en Xesucristo. A opción relixiosa católica preséntase no ámbito escolar, na súa estrutura epistemolóxica ou disciplinar, co carácter científico co que, na cultura universitaria, se abordan as ciencias da relixión e da teoloxía. Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e cunha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición nos Estados do noso ámbito cultural. O seu estatuto epistemolóxico orixinal entra no ámbito educativo en confrontación e diálogo con aqueles outros tipos de saberes e racionalidade que operan na escola. Na Educación Secundaria, a opción confesional católica ten en conta as características psicolóxicas propias da adolescencia. Nesta idade o alumno formúlase especialmente a actitude persoal ante o relixioso dunha forma máis racional e entra nunha fase de interiorización que xunta un descubrimento maior de si mesmo e unha capacidade crecente de abstracción.

2. NORMATIVA PARA A AREA DE RELIXIÓN

Lexislación básica

- Real Decreto 696/2007 de 1 de xuño (BOE 138 - 9/VI/2007) Polo que regúlase a relación laboral dos profesores/profesoras de relixión prevista na disposición adicional terceira da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (Ministerio de la Presidencia).
- Orde de 9 de abril de 1999 (BOE 94 - 20/IV/1999) Pola que dispónse a publicación do Convenio sobre o réxime económico laboral das persoiñas que, non pertencendo aos Corpos de Funcionarios Docentes, están encargadas do ensino da relixión católica nos centros públicos de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria (Ministerio de la Presidencia).
- Acordo entre o Estado español y a Santa Sé (BOE 300 - 15/XII/1979) Sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, firmado na Cidade do Vaticano o 3 de xaneiro de 1979.
- Lexislación sobre o Ensino da Relixión a partir da LOE. - Disposicións adicionais 2ª y 3ª LOE. Referidas a partir da LOE (BOE, 4 de maio de 2006) - A regulación da relixión nos reais decretos de ensinanzas mínimas. Educación Secundaria Obrigatoria. Disposición adicional segunda. Ensinanzas de relixión (BOE de 5 de Xaneiro de 2007)
- Lexislación sobre o Ensino da Relixión a partir da LOMCE - Art. 6.1, da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, onde define o currículo. - Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, e Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro onde define a metodoloxía didáctica.
- Currículo Oficial LOMCE Relixión Primaria, Secundaria e Bacharelato BOE 24 febreiro 2015 - Resolución de 11 de febreiro de 2015, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo do ensino da Relixión Católica da Educación Primaria e da Educación Secundaria Obrigatoria. (BOE, 24 de febreiro de 2015) - Resolución de 13 de febreiro de 2015, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo do ensino da Relixión Católica de Bacharelato. (BOE, 24 de febreiro de 2015)

3. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

A. OBXECTIVOS

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición precisa para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal

. c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas no emprego das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, de habela, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, botando man de diversos medios de expresión e representación.

B. OBXECTIVOS DA MATERIA

1. Coñecer e interpretar os distintos elementos que conforman o fenómeno relixioso na súa estrutura e na súa expresión histórica, como base de comprensión das distintas relixións. 2. Razoar as respostas que as grandes relixións lles dan ás preguntas do ser humano sobre a concepción do home e do seu destino último. 3. Coñecer a Biblia, na súa orixe, estrutura, finalidade e interpretación pertinente en relación coa historia e experiencia relixiosa de Israel, e como expresión da revelación de Deus Pai aos homes. 4. Coñecer os contidos do cristianismo que fundamentan a concepción do ser humano creado por Deus e destinado a ser fillo seu. 5. Identificar a Xesucristo como

Fillo de Deus, salvador encarnado entre os homes, mediante o coñecemento e a análise da súa mensaxe, a súa vida e a súa presenza polo Espírito Santo. 6. Analizar e valorar o sentido e finalidade da Igrexa en canto realización institucional do servizo de humanización e salvación que Cristo lle ofrece ao ser humano, e descubrir a súa achega aos procesos máis importantes da historia española e europea. 7. Coñecer e valorar a resposta dos crentes á mensaxe e ao acontecemento cristián, que se realiza na Igrexa. 8. Comprender e distinguir a acción salvadora de Cristo, e o carácter celebrante de cada un dos sacramentos. 9. Descubrir os fundamentos racionais e revelados que xustifican o ensino moral da Igrexa católica, e orientan a relación do home con Deus, consigo mesmo, cos outros e co mundo. 10. Analizar as esixencias e compromisos dos cristiáns na súa relación con Deus, consigo mesmo e cos demais, relacionándoos con outras opcións presentes na sociedade e nas grandes relixións. 11. Recoñecer e valorar os fitos máis importantes da fe cristiá na historia da Igrexa, nas grandes obras da cultura e nas súas festas, considerando tamén as achegas doutras relixións. 12. Analizar os principios que fundamentan a fe cristiá na vida eterna, valorando criticamente a proposta das grandes relixións.

2. COMPETENCIAS ESPECÍFICAS E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

A materia de Relixión católica ten vinculación con todas as competencias básicas e mantén unha vinculación especial coas competencias básicas nº 3, 5, 6 e 8: Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico, Competencia social Competencia cultural e artística e Autonomía e iniciativa persoal. Destacamos, a continuación, as relacións coas competencias básicas recollidas nos currículos oficiais.

- a) Comunicación lingüística – Adquirir un maior coñecemento da relación da persoa con respecto ao grupo (C.B. nº 8). – Saber definir e relacionar correctamente diferentes conceptos (C.B. nº 1)
- b) Matemática – Comprender e resumir o contido dun texto (C.B. nº 1)
- c) Coñecemento e Interacción Co Medio Físico – Comunicar sentimentos e experiencias de forma oral (C.B. nº 1 e 8) – Adquirir un maior coñecemento do cristianismo, do xudaísmo e do islam (C.B. nº 1, 4, 5, 6 e 8)
- d) Tratamento da Información e Competencia Dixital – Saber escoitar e dialogar nun debate, valorando as opinións dos demais (C.B. nº 1, 5, 7 e 8)
- e) Social e cidadá – Adquirir un maior coñecemento da Biblia en canto libro sagrado pola súa autoría, o seu contido e a súa finalidade (C.B. nº 1, 4 e 6)
- f) Cultural e Artística – Saber localizar e citar textos bíblicos de modo correcto (C.B. nº 1, 4, 6, 7 e 8) – Coñecer a estrutura e o contido do Antigo Testamento (C.B. nº 1, 4 e 6)
- g) Aprender a Aprender – Adquirir maior coñecemento do contexto (xeográfico, político, histórico e social) no que viviu Xesús (C.B. nº 1, 3, 4, 5 e 6)
- h) Autonomía e Iniciativa. Coñecer que libros compoñen o Novo Testamento e saber distinguir neles os diferentes tipos de linguaxe e de xéneros literarios (C.B. nº 1, 4 e 6) – Adquirir un maior coñecemento da misión da Igrexa como comunidade (C.B. nº 5 e 6) – Adquirir un correcto coñecemento do que significa crer en Xesús Cristo (C.B. nº 5, 7 e 8) – Saber relacionar a fe cristiá coa vida como motivo de sentido – Tomar conciencia da importancia e responsabilidade que supón ser libres (C.B. nº 3, 5, 7 e 8) – Coñecer a relación e as consecuencias da liberdade, a escravitude e a responsabilidade (C.B. nº 3, 5, 7 e 8) – Reflexionar de modo coherente arredor da vida como don e tarefa, como agasallo e responsabilidade (C.B. nº 1, 4, 7 e 8) – Coñecer en profundidade as manipulacións, as

agresións e as ameazas ás que está exposta a vida humana (C.B. nº 1, 3, 4, 5, 7 e 8) –
Disponibilidade para emprender servizos e actitudes na vida de preocupación polas
persoas que nos rodean (C.B. nº 5, 7 e 8) – Interese pola dimensión de servizo dentro dos
propios plans profesionais (C.B. nº 5, 7 e 8) – Actitude de tolerancia ante outras formas
de pensar e concibir diferentes temas (C.B. nº 1, 4, 5, 6, 7 e 8)

PROGRAMACIÓN DE 1º DE ESO

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES, COMPETENCIAS CLAVE, OBXETIVOS, PESO NA CUALIFICACIÓN.

1ª AVALIACIÓN DE 1º ESO :” HISTORIA DE ISRAEL”

<u>OBXETIVOS</u>	<u>CONTIDOS</u>	<u>COM. CLAVE</u>	<u>SECUENCIAC. CONTIDOS</u>	<u>ESTÁNDARES</u>	<u>CRITER. AVALIAC</u> :	<u>GRAO MÍNIMO</u>	<u>PESO CUALIF.</u>	<u>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</u>
